

PROXECTO DO GRUPO DE TRABAJO DE BIBLIOTECA

Partindo do traballo feito sobre competencias o curso pasado no que se desenvolvían tarefas integradas para traballar as competencias e lembrando un proxecto de escritura levado a cabo hai uns cursos, deseñamos distintas actuacións en diferentes niveis e etapas escolares (infantil e primaria) e tratamos de integralas nas programacións didácticas de aula, relacionándoas co PDI proposto para este curso pola biblioteca "EU SON GALIZA" e con outros plans e proxectos que se están a levar no centro : educación responsable, Voz Natura, Proxecta,... co fin de desenvolver os obxectivos propostos:

- **Desenvolver as competencias do alumnado**, especialmente a competencia lingüística, ferramenta indispensable para o estudo no futuro e facilitadora da lectura por pracer.
- **Aproveitar os fondos da biblioteca e optimizar o seu rendemento.**
- Coñecer e dominar as **metodoloxías que desenvolven as competencias do alumnado**

Este proxecto propón xerar contextos na dinámica das aulas coa intención de fomentar no alumnado distintas prácticas sociais de escritura e de lectura a partir do seu acercamento ao libro e que leven o desenvolvemento das competencias básicas, fundamentalmente a competencia en comunicación lingüística, sen desprezo das restantes. As dinámicas de aula potenciarán que o alumnado:

- Dispoña da lectura ao seu alcance coma un elemento máis na conformación das súas respectivas identidades.
- Xere ideas, sentimentos e experiencias a partir do acercamento á lectura e sexa capaz de expresalos oralmente e por escrito a través de diferentes formatos textuais.
- Desenvolvan procesos de escritura no contexto escolar coma unha práctica habitual.
- Realicen, no contexto das distintas áreas curriculares, as prácticas de lectura e escritura relacionadas co proxecto para posibilitarlles o desenvolvemento das competencias básicas.
- Aborden a lectura dunha obra literaria desde unha perspectiva intertextual.

INFANTIL. Mercedes Sánchez Manteiga

1º PRIMARIA. Paula Taibo del Río. Beatriz Rey Busto

3º PRIMARIA. Mª Carme Bello Flores

4º PRIMARIA. Yolanda Martínez Redondo.

6º PRIMARIA. Mª Luisa Martínez Duarte. " O Camiño de Santiago con ..."